

REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 11.05.2018 Hora: 10:30

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 11 de maio de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :


Punto 1. Proposicións non de lei

- 1.1 5322 (10/PNC-000509)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 3 máis
Sobre a execución pola Xunta de Galicia das obras de dragaxe do Porto Chico, de Foz
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017
- 1.2 19644 (10/PNC-001598)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre a introdución na etiquetaxe do selo "pescadeRías ¿de onde se non? " do prezo pagado por quilo ao mariñeiro ou mariscadora, así como un código QR que leve directamente ao apartado de trazabilidade do produto na páxina web www.deondesenenon.xunta.gal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 207, do 08.11.2017
- 1.3 21596 (10/PNC-001771)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a rexeneración da ría do Barqueiro, no concello de Mañón
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 234, do 29.12.2017
- 1.4 29009 (10/PNC-002298)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre a realización polo Goberno galego dun estudo das repercusións que está a ter para cada un dos concellos a aplicación da Resolución de Portos

de Galicia pola que se regulan os criterios de autorización da ocupación das zonas portuarias para o desenvolvemento de espectáculos públicos ou actividades recreativas

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018

- 1.5 29234 (10/PNC-002318)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa transferencia á Xunta de Galicia das competencias sobre os centros do Instituto Oceanográfico Español existentes en Galicia, así como as reivindicacións dos seus traballadores
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018
- 1.6 29459 (10/PNC-002345)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a intensificación polo Goberno galego dos labores de vixilancia contra o furtivismo naquelas zonas de maior incidencia, en especial nos eidos da comercialización e da restauración e coincidindo coas datas festivas, nas que os produtos do mar acadan maior prezo no mercado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 296, do 25.04.2018
- 1.7 29461 (10/PNC-002346)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun informe do posible custo económico, para as principais frotas pesqueiras galegas afectadas, da implantación da obriga de desembarque de todas as capturas realizadas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 296, do 25.04.2018
- 1.8 29847 (10/PNC-002388)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para recuperar a pesquería do polbo e garantir as rendas dos mariñeiros
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 299, do 03.05.2018



Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2018

Marta Rodríguez Arias

Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodríguez Arias, na data 07/05/2018 12:27:50

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Vogais

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

Carlos Enrique López Crespo

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

Paula Quinteiro Araújo

EM

María Soraya Salorio Porral

P

Carmen Santos Queiruga

EM

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 5322(10/PNC-000509)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre a execución pola Xunta de Galicia das obras de dragaxe do Porto Chico, de Foz

Publicación da iniciativa, 75, 01.03.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea** por iniciativa do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e dos seus deputados **Francisco Casal Vidal e Juan José Merlo Lorenzo**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vila de Foz, na Mariña de Lugo, dispón na actualidade de dous portos con uso mixto, profesional, para o sector pesqueiro, e recreativo.

Un dos maiores problemas que teñen é a falta de calado pola sedimentación de area, debido á ausencia de dragado, o que dificulta a entrada e saída das embarcacións, ata o punto de facer unha parte crecente dos portos impracticable coa marea baixa.

Á vista desta situación, varios colectivos afectados téñense pronunciado reclamando unha solución á Administración: é o caso da propia Confraría de Pescadores de Foz, a Asociación a Ribeira de Foz, ou o Club náutico de Foz.

A nivel político, tanto a Foz Plataforma de Futuro como Podemos Foz, teñen amosado publicamente o seu respaldo a estas iniciativas, por supoñer unha mellora para dous sectores tan importantes para a vila como son o pesqueiro ou o turístico.

Á consecuencia da preocupación social e política por estes feitos, que motivaron unha posición política unánime no Concello de Foz reclamando o dragado urxente dos dous portos, o Goberno da Xunta comprometeu unha partida nos



orxamentos de 2017 para acometer as obras no Porto principal, mais rexeitou facelo en relación ao Porto Chico.

Arestora, tanto a dársena con uso profesional pesqueiro como os pantaláns nº 1 e 2 de uso náutico recreativo, resultan inservibles para o atraque na marea baixa por falta de calado, o que dificulta tanto as actividades profesionais de pesca como o goce das prazas arrendadas para o seu uso recreativo.

Ademais, como consecuencia desta situación, as embarcacións corren serio risco de sufrir danos pola posibilidade de se atopar con rochas ou outros elementos que podan danar a estrutura dos pecios.

Por todo o anterior, dende o Grupo Parlamentario de En Marea formulamos a seguinte Proposición non de lei:

- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a acometer de xeito urxente as obras de dragado do Porto Chico de Foz.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Paula Vázquez Verao

Francisco Casal Vidal

Juan José Merlo Lorenzo

Deputada e deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2017 11:29
Nº Rexistro: 5322
Data envío: 17/02/2017 11:29:20.616



Luis Villares Naveira na data 17/02/2017 11:27:24

Paula Vázquez Verao na data 17/02/2017 11:27:31

Francisco Casal Vidal na data 17/02/2017 11:27:35

Juan José Merlo Lorenzo na data 17/02/2017 11:27:46

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 19644(10/PNC-001598)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a introdución na etiquetaxe do selo "pescadeRías ¿de onde se non?" do prezo pagado por quilo ao mariñeiro ou mariscadora, así como un código QR que leve directamente ao apartado de trazabilidade do produto na páxina web www.deondesnon.xunta.gal

Publicación da iniciativa, 207, 08.11.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate seu debate na Comisión 8ª**, referido á introdución do prezo pagado ao mariñeiro ou mariscadora no selo de *pesca de rías ¿de onde se non?*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os produtos das rías galegas son recoñecidos a nivel nacional e internacional pola súa calidade. Son un dos emblemas que mellor representan a Galicia, polo que defendelos e potencialos debe ser unha das prioridades das administración públicas. Ademais, debemos recordar que do sector do mar viven máis de 20.000 familias, representado polo tanto un motor fundamental para a economía galega, non so pola cantidade de postos de traballo directo que xera, senón tamén polos milleiros que crea de forma indirecta.

A Xunta de Galicia desenvolveu no ano 2008 a marca *pesca de rías ¿de onde se non?* un selo para defender os produtos que proveñe da pesca artesanal galega, un selo que permite ao consumidor recoñecer con maior claridade os produtos autóctonos, de forma que se poidan diferenciar da competencia para potenciar o valor engadido que presentan os nosos peixes e marisco. Produtos frescos e de calidade que permitan aumentar a confianza do consumidor é a nosa marca de identidade

Poden ser usuarios da marca operadores da cadea de produción e comercialización de produtos da pesca e marisqueo, sempre que as instalacións se atopen dentro de Galicia e cumpran os requisitos do regulamento da cámara, recollidos na *Orde do 7 de febreiro de 2008 pola que se crea e regula o uso da*



marca “*pesca de rías, ¿de onde se non?*” A trazabilidade do produto é unha das grandes vantaxes competitivas, onde pode ser visto polo consumidor a través da páxina web do selo.

A etiquetaxe mostra ao consumidor a zona de captura, a lonxa de orixe, a denominación comercial ou o método de produción entre outros. Sen embargo, falta unha información que sería moi valiosa para o consumidor, o prezo pagado ao mariñeiro ou mariscadora por ese produto que vai a consumir. De esta forma, o consumidor coñecería tamén cal é a cantidade que percibe unha de esas milleiros de persoas que traballan do mar en Galicia.

Polo exposto, formulamos a seguinte **Proposición non de lei**:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Poñer na etiquetaxe no selo de *pesca de rías ¿de onde se non?* o prezo pagado por kg ao mariñeiro ou mariscadora.
- Instalar un código QR no selo de *pesca de rías ¿de onde se non?* que leve directamente ao apartado da trazabilidade do produto na web www.deondesenenon.xunta.gal

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Voceira S. e deputado do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2017 18:13
Nº Rexistro: 19644
Data envío: 02/11/2017 18:13:50.396

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 02/11/2017 18:05:22

Juan José Merlo Lorenzo na data 02/11/2017 18:05:29

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 21596(10/PNC-001771)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a rexeneración da ría do Barqueiro, no concello de Mañón

Publicación da iniciativa, 234, 29.12.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, José Manuel Pérez Seco, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

A ría do Barqueiro precisa dunha dragaxe urxente, a cal está pendente por parte da Xunta de Galicia dende 2013. Unha dragaxe da ría ao completo garantirá o futuro do sector marisqueiro da zona o que, se ve afectado negativamente debido a que a area está a tapar os bancos de marisqueo, complicando, no mellor dos casos, a actividade dos profesionais.

A dársena do porto actualmente está dragada, pero a area acumúlase na ría ano tras ano sen que a promesa do Partido Popular e de Portos de Galicia de dragala se chegue a materializar. Actualmente, segundo avisan dende a confraría de pescadores do Barqueiro, o calado é tan pequeno que na baixamar as embarcacións case non poden entrar en porto.

O número de postos de traballo da ría do Barqueiro está nunha situación límite, xa que na actualidade so quedan 15 persoas (13 mulleres e 2 homes) e na que chegaron a ser aproximadamente 200 mariscadoras e mariscadores.

Por outra banda, en canto o produto, esta ría contiña unha gran cantidade de especies de moluscos, que se extraían de forma tradicional, como a coquina (desaparecida actualmente), a ameixa, o berberecho, a ostra e a navalla das que na actualidade case non hai capturas.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2017 12:46
Nº Rexistro: 21596
Data envío: 18/12/2017 12:46:55.368



Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo as actuacións necesarias para a rexeneración da ría do Barqueiro no concello de Mañón durante o primeiro semestre de 2018, co fin recuperar as perdas producidas entre as especies de moluscos nas zonas de extracción tradicionais e parar a sangría biolóxica que se está a producir deteriorando unha zona de gran interese ambiental e económico.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/12/2017 12:45:26

María Dolores Toja Suárez na data 18/12/2017 12:45:37

Julio Torrado Quintela na data 18/12/2017 12:45:49

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 29009(10/PNC-002298)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización polo Goberno galego dun estudo das repercusións que está a ter para cada un dos concellos a aplicación da Resolución de Portos de Galicia pola que se regulan os criterios de autorización da ocupación das zonas portuarias para o desenvolvemento de espectáculos públicos ou actividades recreativas

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A resolución do 26/09/2017 de Portos de Galicia, da Consellería do Mar, publicada no DOG 190 de 5 de outubro de 2017, pola que se regulan os criterios de autorización de ocupación de dominio público portuario con destino á celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas está a causar graves inconvenientes nas vilas costeiras galegas, en parte motivadas por non adaptarse á súa realidade social, na que se veñen desenvolvendo tradicionalmente actividades diarias na zona portuaria por atoparse totalmente integrada no núcleo de poboación.

Un dos casos máis recentes produciuse en Malpica, ante a Festa da Xuventude que carecía de permisos por non ter carácter mariñeiro nin gran arraigo ou tradición. Igualmente ocorría en Mugardos coa celebración da II Milla Urbana Nocturna que foi denegado porque “a actividade solicitada non se atopa dentro dos eventos lúdicos autorizables”.

É difícil comprender a denegación destes permisos, cando por un lado, especialmente no segundo caso trátase de promover unha actividade deportiva, saudable, nun momento no que o deporte se atope en auge, e ao igual que acontece noutros concellos, a zona portuaria adoitase utilizar para a colocación de meta e avituallamento. Igualmente, cun turismo que está fortemente estacionalizado, este tipo de actividades contribúen ao reactivamento económico das zonas, fóra da época estival.

Nunha Galicia en regresión demográfica, cun grave problema de envellecemento e cunha pirámide poboacional invertida, os enormes esforzos que fan as administracións locais para atraer e reter esa xuventude atópanse coas trabas constantes do Goberno Galego, o cal non deixa de ser paradoxal, porque todas as administracións deberían remar a favor de repoboar Galicia de xente nova que traia o dinamismo as ditas poboacións. Galicia precisa oportunidades de traballo e de ocio para a xente nova.

Todo isto non é mais que o reflexo dunha forma de gobernar e dunha ideoloxía que privilexia uns intereses que a maior parte das veces non son os comúns ou os xerais, como cabería esperar do uso dos ben públicos.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 11:38
Nº Rexistro: 29009
Data envío: 09/04/2018 11:38:54.048



Grupo Parlamentario

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentan a seguinte proposición non de lei:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se faga un estudo, no prazo dous meses, que recolla as repercusións que para cada concello está a ter a aplicación da resolución de portos de Galicia, en canto aos usos portuarios, tendo en conta a idiosincrasia das vilas galegas costeiras e a necesidade real de desestacionalizar o turismo por un lado, e de reter a xente nova polo outro.

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 09/04/2018 11:38:01

Julio Torrado Quintela na data 09/04/2018 11:38:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/04/2018 11:38:24

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 29234(10/PNC-002318)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa transferencia á Xunta de Galicia das competencias sobre os centros do Instituto Oceanográfico Español existentes en Galicia, así como as reivindicacións dos seus traballadores

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 13:07
Nº Rexistro: 29234
Data envío: 11/04/2018 13:07:33.279

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, a respecto da situación dos centros da Coruña e Vigo do Instituto Español de Oceanografía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Resolución de 14 de xaneiro de 2014, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 20 de decembro de 2013, sobre o réxime de control económico-financeiro aplicábel pola Intervención Xeral da Administración do Estado a determinados organismos públicos impuxo un novo sistema de control de gasto, que acompañado ao descenso de financiamento e de investimentos de anos anteriores debido á nefasta xestión da crise económica, supuxo que moitos organismos e entidades dependentes das AA.PP. tiveran unha drástica e dramática perda de posibilidades de desenvolvemento de actividades, unha perda sen precedentes de persoal non repostado e un descenso dificultosamente reparábel de liñas de investigación, desenvolvemento e innovación que hoxe en día seguen perdurando, malia as continuas novas que anuncian que a economía no Estado español ten saído xa desa crise e ten trazos de recuperación.

É o caso do Instituto Español de Oceanografía (IEO), de forma xeral para o conxunto de centros e de infraestruturas que ao longo do Estado ten distribuídas, particularmente no caso dos centros con sede na cidade da Coruña e na cidade de Vigo.

A xestión do IEO está baseada na centralización de gastos, impondo a persoal técnico administrativo, a través da figura dun interventor, para o control dos investimentos e dos gastos necesarios alén das necesidades particulares e inmediatas de cada centro, de cada laboratorio, de cada planta de cultivo ou de calquera outro tipo de infraestrutura necesaria para o desenvolvemento das súas tarefas propias.

Asemade, esta centralización non só atende ao apartado económico. Máis aló. Tamén na xestión, na dotación de persoal, na investigación e en calquera das áreas nas que se estruture: control de proxectos, taxas de reposición de persoal (que non se están cumprindo) etc, e mesmo na administración do traballo do día a día, o que está dando lugar á demora sine die de tarefas e plans (retrasos de até máis dun ano e medio en “visto e praxe” de proxectos, por exemplo), acumulación de tarefas, desorganización executiva, parálise estrutural e mesmo desequilibrios territoriais con centros en mínimos, tanto en persoal como de material.

Para exemplificar este escenario existen situacións diarias que son totalmente incomprensíbeis:

A necesidade de pedir autorización de saídas ao mar que se deben cursar á sede central do organismo en Madrid que non son contestadas até pasado máis dun mes cando estas saídas deben ser formuladas para unha mesma semana por necesitar ter coñecemento das condicións meteorolóxicas e marítimas nas que se deben embarcar, que unido á inexistencia dun seguro xeral que cubra estas saídas (xa que logo se contrata individualmente e por semanas atendendo a cada unha das saídas, e que supón un incremento do gasto) non haxa unha cobertura real ao persoal laboral e produce unha paralización encuberta das saídas motivadas pola investigación ao mar



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 13:07
Nº Rexistro: 29234

Data envío: 11/04/2018 13:07:33.279

A perda de financiamentos e subvencións europeas pola caducidade da tramitación de proxectos, o que supón un estancamento do I+D+i deste organismo co grave prexuízo para o seu prestixio e que incide directamente na economía do conxunto do Estado español, e particularmente en Galiza.

A eliminación, por parte da dirección de Madrid, da liña de investigación de cultivos de moluscos na que durante 40 aos se investigou de xeito pioneiro, sendo o centro da Coruña de referencia.

Súmese a todo o anterior outras circunstancias como a mingua de persoal producida nos últimos anos derivada de traslados ou xubilacións de persoal, que non foi en ningún caso compensada, xa que non existe ningunha bolsa de traballo que puidera garantir unha reposición de persoal, e que asegurara un servizo nas mesmas condicións, ou mesmo as propias imposicións restritivas en materia económica que dan lugar a que para este ano 2018 exista unha rebaixa orzamentaria do 30% xa que logo non se chegou a executar todo o gasto previsto para o ano 2017, algo que se amosa tendencia desde o ano 2013, e que ano tras ano foi minorando o orzamento do organismo.

Os centros da Coruña e Vigo tíñanse demostrado como referentes a nivel europeo e internacional.

Vigo, na actualidade, é o centro de referencia a nivel europeo en materia de peixes e pesca, cunhas contrastadas liñas de investigación e de desenvolvemento de proxectos.

A Coruña referenciouse como planta de cultivos de bivalvos, sendo distintas entidades as que nas décadas dos anos oitenta e noventa do século pasado as que quixeron exportar o modelo investigador e os resultados que se obtiñan neste centro. O peche deste laboratorio, producido hai tres anos, supuxo un duro golpe no só ao propio centro, xa que logo o seu labor atendía ao asesoramento a confrarías e produtores e tiña rendementos obxectivos en materia industrial e económica. E así o denunciabamos a



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 13:07
Nº Rexistro: 29234

Data envío: 11/04/2018 13:07:33.279

aquela altura xa que logo a xubilación dos dous investigadores que lideraban as liñas de estudo do departamento de cultivos do centro deu lugar ao cesamento da actividade investigadora da entidade. Preocupábase e preguntábase no propio Parlamento de Galiza polo futuro do centro na Comisión de Pesca. E perdéronse os estudos da bioloxía do cultivo en especies de moluscos como a ameixa, o mexillón, a vieira, a voandeira ou a zamburiña que convertían o IEO da Coruña nun único organismo estatal con capacidade para asesorar neste ámbito.

E a respecto de persoal, o centro da Coruña chegou a ter, por exemplo, até 16 tripulantes do seu barco de investigación, quedando na actualidade tan só un.

Asemade, a oferta de emprego aprobada a nivel estatal, que chega até as 25 prazas, non prevé ningunha para os centros galegos. Súmese a isto a indecencia das asignacións anuais para as obras de remodelación do propio centro da Coruña adiantadas nos Orzamentos Xerais do Estado para 2018, asignación plurianual incumprida, obviando os investimentos fundamentais, desaparecéndose as axudas no I+D+i, minguándose constantemente ao apoio ás liñas investigadoras ou abandonándose o traballo científico.

Ante toda progresión de acontecementos, o propio Bloque Nacionalista Galego presentou en sede parlamentaria a proposta da transferencia a Galicia por parte do Estado dos servizos e funcións en materia de investigación oceanográfica, aprobándose por unanimidade en marzo de 2016, na Comisión de Pesca, instar a la Xunta a demandar ao Goberno central a transferencia das funcións, medios e persoal dos centros costeiros do Instituto Español de Oceanografía en Vigo e A Coruña, así como do Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo.

Mais todas estas iniciativas non chegaron a concretarse e efectivizarse, perpetuándose e gravándose no tempo o abandono, as problemáticas, os recortes e a



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 13:07
Nº Rexistro: 29234

Data envío: 11/04/2018 13:07:33.279

centralización denunciadas, o que levou, novamente, a que as traballadoras e traballadores do Instituto Español de Oceanografía saíran publicamente a se manifestar e a denunciar a situación que están sufrindo, protagonizando en marzo concentracións diante dos seus centros, e a se mobilizar na demanda de maior investimento e en contra das políticas de recortes que se practican desde o Goberno do Estado.

Asemade, dáse o caso singular de que neste 2018 o centro IEO da Coruña cumpre o seu 50 aniversario e que leva ao centro a preparar actividades, organizar visitas ao buque oceanográfico, á divulgación científica con xornadas de portas abertas do propio centro á veciñanza en xeral, coa programación de visitas de colexios e centros de ensino, a participar do día da ciencia etc, sen outro obxecto que a pedagogía, o espallamento da ciencia e a universalización dos coñecementos que se acumulan nos máis de cen anos de creación do IEO. Mais todas estas actividades, agora mesmo están paralizadas e pendentes de se levar ao cabo xa que non existe capacidade, nin económica, nin material, para facelo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión a respecto da situación dos centros da Coruña e Vigo do Instituto Español de Oceanografía:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Demandar ao Estado español o traspaso de competencias para a total xestión económica administrativa dos centros do Instituto Oceanográfico Español hoxe en día en Galiza co obxecto de que pasen a formar parte da estrutura propia da Xunta

-Instar ao Ministerio de Economía, Industria e Competitividade do Estado español, mentres non se dea traslado das competencia en xestión económico



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 13:07
Nº Rexistro: 29234
Data envío: 11/04/2018 13:07:33.279

administrativa a iniciar un proceso de descentralización dos centros e das infraestruturas do Instituto Oceanográfico Español, nomeadamente para os centros e infraestruturas con sede en Galiza, na cidade da Coruña e na cidade de Vigo, para seren xestionados segundo as súas propias necesidades.

-Instar ao Ministerio de Economía, Industria e Competitividade do Estado español, a atender ás demandas das traballadoras e dos traballadores dos centros do IEO, nomeadamente as referidas á creación dunha bolsa de emprego, ao aumento en investimentos en I+D+i e a atención prioritaria para a aprobación áxil de proxectos e no deseño dun modelo actualizado, coa necesaria modernización no sistema de xestión e na estrutura do organismo.”

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 13:07
Nº Rexistro: 29234
Data envío: 11/04/2018 13:07:33.279

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2018 13:06:50

Ana Pontón Mondelo na data 11/04/2018 13:06:56

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/04/2018 13:06:57

Olalla Rodil Fernández na data 11/04/2018 13:06:59

Noa Presas Bergantiños na data 11/04/2018 13:07:01

Xosé Luis Bará Torres na data 11/04/2018 13:07:02

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 29459(10/PNC-002345)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a intensificación polo Goberno galego dos labores de vixilancia contra o furtivismo naquelas zonas de maior incidencia, en especial nos eidos da comercialización e da restauración e coincidindo coas datas festivas, nas que os produtos do mar acadan maior prezo no mercado

Publicación da iniciativa, 296, 25.04.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2018 17:37
Nº Rexistro: 29459
Data envío: 16/04/2018 17:37:04.203

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, Carlos E. López Crespo, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

Todos sabemos que o furtivismo constitúe unha lacra que vai máis alá do prexuízo económico que esta acción ilícita significa para quen vive legalmente do marisqueo e para menoscabo dos seus ingresos.

A maiores disto, danan a boa imaxe dos nosos produtos xa que os extraídos sen as debidas garantías suplantan a súa valía e desprestixian o bo traballo de moitos profesionais do mar e da cadea mar-industria.

Sen esquecer tampouco que supón unha ameaza para a saúde pública porque a falta de seguridade alimentaria ao consumir un produto fóra das canles legais pode provocar serios riscos de intoxicación.

Son moitas as medias adoptadas por este goberno para minguar esta situación que van dende a tipificación como delito do furtivismo reincidentes en 2015 ata as campañas de sensibilización social por unha pesca sustentable. É o caso da campaña “Non piques, non peques”, orientada ao produtor e ao consumidor final, e difundida en medios de comunicación social galegos.

Outra acción primordial é a que realizan os Gardacostas de Galicia, moitas veces en colaboración con outros corpos e forzas de seguridade, na súa labor cotiá de inspección e vixilancia por mar, terra e aire, a través dos diferentes operativos levados a cabo.

É certo que estes operativos débense intensificar cando estamos ás portas das datas máis sinaladas do ano xa que son consideradas como as de mellor prezo para o produto. Isto ocorre principalmente no Nadal, Semana Santa ou no período estival.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2018 17:37
Nº Rexistro: 29459
Data envío: 16/04/2018 17:37:04.203

Precisamente, o pasado Mércores Santo, a Conselleira do Mar visitaba a Unidade Operativa do Servizo de Gardacostas en Ribeira, para coñecer de primeira man en que consistiu esta intensificación da vixilancia, co obxectivo de facer fronte ás persoas que extraen e venden ilegalmente, prexudicando ademais a saúde dos consumidores.

Conscientes da importancia deste tipo de dispositivos que se deben activar sempre que sexa necesario, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a intensificar os labores de vixilancia contra o furtivismo naquelas zonas de maior incidencia, especialmente nos eidos da comercialización e da restauración e coincidindo con datas festivas nas cales os produtos acadan maior prezo no mercado, a través de inspeccións en puntos de venda e en establecementos de hostalería.”

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/04/2018 17:30:37

Teresa Egerique Mosquera na data 16/04/2018 17:30:46

Carlos Enrique López Crespo na data 16/04/2018 17:30:59

María Ángeles García Míguez na data 16/04/2018 17:31:07

Alberto Pazos Couñago na data 16/04/2018 17:31:13

Marta Rodríguez Arias na data 16/04/2018 17:31:20

María Soraya Salorio Porral na data 16/04/2018 17:31:28

Daniel Vega Pérez na data 16/04/2018 17:31:34

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 29461(10/PNC-002346)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun informe do posible custo económico, para as principais frotas pesqueiras galegas afectadas, da implantación da obriga de desembarque de todas as capturas realizadas

Publicación da iniciativa, 296, 25.04.2018



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2018 17:37
Nº Rexistro: 29461
Data envío: 16/04/2018 17:37:28.969

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, Carlos E. López Crespo, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazos Couñago e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

O pasado ano, Galicia organizaba en Vigo un seminario no que se debatía sobre a problemática que trae consigo a eliminación da práctica dos descartes pesqueiros e a obriga de desembarque de todas as capturas realizadas.

A conselleira do Mar sinalaba nesta ocasión, como en outras moitas xa ten manifestado, a necesidade de colaborar entre as distintas rexións afectadas por esta decisión, para camiñar pola defensa dunha maior flexibilización ante a política europea de descartes cero.

O certo é que se precisa un prazo de tempo máis laxo por parte da Comisión Europea que permita realizar un axuste axeitado á nosa frota, ocasionándolle os menos prexuízos posibles.

Este grupo político cremos que debemos continuar facendo valer a postura do sector galego, en definitiva de Galicia, por cantos medios sexan necesarios e en calquera das instancias nas que se toman decisións que afectan á nosa frota.

É por isto que o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á elaboración dun informe co custe económico que pode supoñer para as principais frota pesqueiras galegas afectadas a implantación da obriga de desembarque.”

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2018 17:37
Nº Rexistro: 29461
Data envío: 16/04/2018 17:37:28.969**

Pedro Puy Fraga na data 16/04/2018 17:33:23

Teresa Egerique Mosquera na data 16/04/2018 17:33:34

Carlos Enrique López Crespo na data 16/04/2018 17:33:44

María Ángeles García Míguez na data 16/04/2018 17:33:51

Marta Rodríguez Arias na data 16/04/2018 17:33:57

María Soraya Salorio Porral na data 16/04/2018 17:34:04

Alberto Pazos Couñago na data 16/04/2018 17:34:11

Daniel Vega Pérez na data 16/04/2018 17:34:22

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.8 29847(10/PNC-002388)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para recuperar a pesquería do polbo e garantir as rendas dos mariñeiros

Publicación da iniciativa, 299, 03.05.2018



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 13:20
Nº Rexistro: 29847
Data envío: 23/04/2018 13:20:00.439

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás medidas a tomar para recuperación da pesquería do polbo e garantir as rendas dos mariñeiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A captura do polbo representa arredor do 35% do total da actividade pesqueira na pesca artesanal, un sector que aglutina a uns 4.000 profesionais e unhas 60 confrarías.

É polo tanto un recurso de grande importancia para a flota de baixura en Galiza, xa que son moitas as embarcacións e mariñeiros que dependen desta especie para garantir ingresos positivos na súa pesquería.

Está a ser unha evidencia a importante caída das capturas e polo tanto das rendas dos mariñeiros que teñen esta especie como fonte importante de ingresos, nun ano con moitos temporais, que ocasionou a perda de moitas xornadas de traballo. Faise imprescindible medidas para mellorar o estado do recurso, que sirvan para frear o descenso de capturas.

Neste contexto a Consellaría do Mar acaba de acordar establecer unha veda de mes e medio a escomezar o 18 de maio, sen ningún tipo de axuda económica para o



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 13:20
Nº Rexistro: 29847
Data envío: 23/04/2018 13:20:00.439

sector, o que vai ocasionar maior presión sobre outros recursos, en moitos casos xa con moita presión.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego para que poña en marcha as accións precisas co fin de garantir a conservación do stock do polbo galego, e estableza o período de veda totalmente subvencionada para evitar a sobrecarga doutros recursos pesqueiros e marisqueiros.”

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 13:20
Nº Rexistro: 29847
Data envío: 23/04/2018 13:20:00.439

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/04/2018 13:03:22

Noa Presas Bergantiños na data 23/04/2018 13:03:27

Ana Pontón Mondelo na data 23/04/2018 13:03:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/04/2018 13:03:34

Olalla Rodil Fernández na data 23/04/2018 13:03:35

Xosé Luis Bará Torres na data 23/04/2018 13:03:37